


A Fraga



Encóntraste na Fraga. O campus da Zapateira toma o seu nome da creación dun campo de golf, nos anos sesenta do pasado século, que acompañaría a denominación urbanística dun novo barrio que foi devorando os topónimos históricos. A Zapateira é un lugar situado á beira do Monte das Arcas. Aínda permanece viva a denominación A Fraga entre a veciñanza para o lugar que ocupa o campus, chamado así polo bosque de frondosas que aquí había. A parte alta do val estaba chea de árbores como testemuñan O Bogadello, que denota a presenza dunha carballeira, e O Souto, topónimo que debe o seu nome ao castiñeiral que chegaba ata O Lago.

